




MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XIV CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.00 h **Entrada libre**

Domingo, 8 de xuño
A pintura do Romanticismo
Concerto:
Christoph Bösch (fautista)
Toshiko Sakakibara (clarinete)

Domingo, 15 de xuño
Visita guiada:
Os gravados de Goya
Concerto:
Cuarteto del Pino

Domingo, 18 de maio

A pintura do século XX

Concerto:

Sophia Hase & Eduardo Ponce

(Atlantis Piano Dúo)

PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

O Mandarín
maravilloso op.19
Pantomima nun acto
Béla Bartók
(1881 – 1945)

SEGUNDA PARTE

Consagración
da primavera
Cadros da Rusia
pagana en dúas partes
Igor Stravinsky
(1882 – 1971)

I Adoración da terra
Introdución (Lento)
Os augurios primaverais
Danza das adolescentes
Xogo do rapto
Rondas primaverais
Xogos das tribus rivais
Procesión do sabio-
adoración da terra-o Sabio
Danza da terra

II O sacrificio
Introdución
Círculo misterioso das
adolescentes
Glorificación da elexida
Evocación dos antepasados
Acción ritual dos ancians
Danza sagrada da elexida

*Transcripcions orixinais
do propio autor

Atlantis Piano Dúo formado pola alemá Sophia Hase e o español Eduardo Ponce, fundouse en 1989. Considerado como un dos máis significativos da actualidade, os seus concertos suscitan o entusiasmo do público e da crítica. O seu amplísimo repertorio abrangue dende os concertos de J.S. Bach ata a actual música de vangarda. Destacan as integrais de Mozart, Schubert, Brahms, Poulenc e Stravinsky, tanto para piano a catro mans coma para dous pianos. Contribúen a ampliar a literatura para piano dúo, a través da estrea de novas composicións, que nalgúns casos foron escritas expresamente para eles. Así mesmo, dedican un especial interese á divulgación de repertorio español inxustamente esquecido, rescatando obras relegadas da programación das salas de concertos. Actuaron nos festivais internacionais de Dejá (Mallorca), Ettlinger Schloss, Primavera de Praga, Castelo de Peralada, Osterfestspiele Salzburg, Schlosskonzerte Ludwigsburg, Cascavel (Brasil)... A Orquestra Sinfónica de Madrid, Raio Televisión de Luxemburgo, Kammerorchester Thüringen Weimar, Symphonieorchester Baden-Baden, son algunhas das orquestras coas que se presentaron os pianistas do dúo como solistas, en escenarios como: Teatro Rosalía de Castro A Coruña, Ópera Königsberg, Sala Portugal Lisboa, Filharmónica Minsk, Auditorio Nacional Madrid, Teatro Rivoli Oporto, Stadtschloss Weimar, Steinway Hall New York, Sala Joaquín Turina Sevilla, Weinbrenner Saal Baden-Baden, Ópera Essen, Liederhalle Stuttgart, Teatro Nacional Brasilia, Santa Barbara California, Bruxelas, etc. Os compoñentes do dúo gravaron para diversas casas discográficas: Radio Nacional de España, Bela Música, Dabringhaus & Grimm e Record GMM Produktion. Tamén realizaron producións para Televisión Española, Erstes e Zweites Deutsches Fernsehen, Norddeutscher Rundfunk, Deutschlandfunk, Südwestfunk... En Outono 2006 realizaron a estrea absoluta da obra para dous pianos "Ludendo in Rythmis Modulatis" de Miguel Manzano nun concerto conmemorativo do Cuarto centenario do Teatro Principal de Zamora do cal quedou testemuño unha gravación en CD. Ambos os dous artistas compaxinaron sempre a súa actividade concertista coa docente, desempeñando actualmente o seu labor pedagóxico en Salamanca, en dúas cátedras de piano respectivamente do Conservatorio Superior de Música. Completan a súa actividade profesional impartindo cursos de interpretación, conferenciando sobre música de cámara por universidades españolas e asistindo como membro do xurado a concursos nacionais e internacionais.



Floreiro de dedos
Louza pintada á man
Sargadelos

XIII CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.00 h **Entrada libre**

Domingo, 18 de maio

O século XX

Concerto:

Sophia Hase & Eduardo Ponce

(Atlantis Piano Dúo)

Domingo, 15 de xuño

Visita guiada:

Os gravados de Goya

Concerto:

Cuarteto del Pino

Domingo, 8 de xuño

A pintura do Romanticismo

Concerto:

Christoph Bösch (frauta)

Toshiko Sakakibara (clarinete)

PROGRAMA

Duo nº 1 Do maior WoO 27

I. Allegro comodo

II. Larghetto sostenuto

III. Rondo

Ludwig van Beethoven

(1770 – 1827)

Duo nº 2 Re menor

I. Allegro agitato

ma non troppo

II. Siciliano

III. Rondo alla Svedese

Bernhard Crusell

(1755 – 1838)

3 Romances op. 21

Anton Reicha

(1770 – 1836)

Divertimenti (1818)

Saverio Mercadante

(1795-1870)

Duo op. 46 nº 1

I. Allegro

II. Andante poco adagio

III. Andante con moto

Caspar Kummer

(1795 – 1870)

Christoph Bösch A actividade do frautista Christoph Bösch como intérprete e mestre levouno por toda Europa, Asia, Australia, América Central e América do Sur. É frautista solista en Ensemble Phoenix Basilea (dirixida por Jürg Henneberger), que el cofundou en 1998. O conxunto ocupa unha gran parte do seu tempo cos seus numerosos proxectos, e regularmente implícase, como intérprete e especialista en nova música, con moitos dos principais compositores da actualidade, incluíndo Harrison Birtwhistle, Maurizio Kagel, Pierre Boulez, Beat Furrer, e Franz Furrer - Münch entre moitos outros. Ademais de realizar unha tempada completa de concertos cada ano en Suíza, o conxunto fai visitas frecuentes a países como Italia, Austria, Xapón, México, Arxentina, Estonia, Rusia e Romanía. Bösch é moi solicitado como músico de cámara e solista. **I** Impartiu clases maxistras en Brasil, Australia, Nova York, Xapón, China e Mongolia, onde emprendeu un proxecto pedagóxico para fomentar os músicos profesionais en pendes. En Suíza estudou na Musikakademie Basilea con Félix Manz, completando a súa formación con Aurèle Nicolet, William Bennett e Robert Winn.

Toshiko Sakakibara (Tsuchiura-Japón) Estuda de clarinete en Tokyo (no College of Music con Isamu Omori Tokio e no Toho Gakuen Música Academy con Risei Kitayume). Durante este período foi o clarinete principal da Toho Gakuen Orchestra, tocando en varias xiras con directores do talle de D. Barenboim, G. Sinopoli e Jos van Immerseel. Estudou en Berlín con Karl Leister en Berlín e en Zürich con Elmar Schmid, antes de establecer en Basilea, onde reside actualmente. Moi solicitado como músico de cámara en importantes festivais, tamén é unha activa intérprete de música contemporánea, e colabora con Jürg Henneberger en Ensemble Phoenix Basilea e Basilea productions Theater. **I** Toshiko Sakakibara é membro de Cappella Andrea Barca (Andras Schiff) e de diversos grupos de cámara. Diversas gravacións de CDs e raio complementan a súa ampla actividade.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Floreiro de dedos
Louza pintada á man
Sargadelos

XIII CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.00 h **Entrada libre**

Domingo, 18 de maio

O século XX

Concerto:

Sophia Hase & Eduardo Ponce

(Atlantis Piano Dúo)

Domingo, 8 de xuño

A pintura do Romanticismo

Concerto:

Christoph Bösch (fautista)

Toshiko Sakakibara (clarinete)

Domingo, 15 de xuño

Os gravados de Goya

Concerto:

Cuarteto del Pino:

Elena Escalza (violonchelo)

Gabriel Bussi (viola)

Daniel del Pino (piano)

Fumika Yamamura (violín)

PROGRAMA

*Adagio e Rondo
Concertante en
fa maior, violín, viola
e violonchelo, D. 487*
Franz Schubert
(1797 – 1828)

Trío para clarinete,
viola e piano en
Mi bemol maior,
K. 498, "Kegelstatt"
(en versión para
violín, viola e piano)

*I. Andante
II. Menuett
III. Allegretto*
W. A. Mozart
(1756 – 1791)

Cuarteto para
piano, violín, viola
e violonchelo, nº 1
en sol menor, K. 478

*I. Allegro
II. Andante
III. Rondo: Allegro
moderato*
W. A. Mozart
(1756 – 1791)

Elena Escalza Cortina Inicia os seus estudos en Bilbao, continuándoos en Alemaña, na Musikhochschule de Freiburg, e na Musikhochschule de Frankfurt. Completa a súa formación con G. Hoffman e L. Claret. Ademais traballou con numerosos e importante chelistas como J. Starker, B. Greenhouse, T. Demenga, F. Helmerson, I. Monighetti, M. Sanderling, etc., e foi alumna de R. Schmidt. Galardoadada en concursos como Beethoven Klaviertrio Wettbewerb, Premio Nicanor Zabaleta, Premio no Concurso Nacional de Música de Cámara de Xuventudes Musicais de España, etc. Violoncello solista na "Südwestdeutsche Philharmonie Konstanz: Orchester" de Alemaña e no "Utopia Ensemble". Profesora de Cuarteto de Corda e de Repertorio Orquestral en Musikene (País Vasco), colabora regularmente coa "Orquestra Sinfónica de Euskadi" e coa "Orquestra Sinfónica de Bilbao". Como solista, actuou en Festivais como o de Música e Danza de Granada ou a Quincena Musical Donostiarra, e en salas como o Auditorio Nacional de Madrid, a Sociedade Filarmónica de Bilbao, o Palau de la Música de Valencia etc., así como Italia, Alemaña e Inglaterra. **I** Dende o 2005 é membro do "Trío Alosia", actuado en diversas cidades españolas, alemás e francesas

Gabriel Bussi Montevideo (Uruguai). Realizou os seus estudos de violín en Alemaña, se licenciou polo conservatorio de música Hanns Eisler en Berlín cos Profesores Ch. Poppen e U. Wallin, onde tamén estudou composición. **I** Foi premiado en varios concursos de interpretación e composición e foi bolseiro de numerosos festivais de música como Ost-West Musik Festival (Austria), Richard-Wagner-Verband (Alemaña), Young Artists International (EUA), Nagano Music Festa (Xapón), actuando de solista e músico de cámara en múltiples oportunidades. **I** Obtivo os títulos Máster of Music e Artist Certificate co E. Schmieder como bolseiro de Southern Methodist University en EUA Participou en cursos de perfeccionamento con profesores como M. Fuks, V. Gradow, D. Zsigmondy, S. Picard e G. Winischhofer. Tamén colaborou con formacións como a Filarmónica de Stuttgart, a Fort Worth Symphony, a "I Palpiti" Chamber Orchestra Los Angeles e a Dallas Chamber Orchestra. Actualmente é membro da OSG e violista do Artemis Ensemble.

Daniel del Pino Beirut (Líbano), 1972. Empezou os seus estudos musicais en Rabat, continuando-os no Conservatorio Superior de Música de Madrid, a Universidade de Yale e a Southern Methodist University de Dallas. Os seus profesores foron M. Villalba, J. López-Gimeno e J. Achúcarro. Realizou concertos por salas españolas e europeas, así como por Marrocos, Túnez, Oriente Medio, Gabón, Brasil, México, Colombia, Guatemala, Taiwan, Xapón, Australia e Estados Unidos. Colaborou como solista con orquestras como a de RTVE, Clásica de España, Córdoba, Sevilla, Galicia, Castela-León, Valencia, Málaga, Murcia, G. Enesco de Bucarest, Brasov, Estatal de Transilvania (Romanía), Filarmónica de Medellín, Filharmonia Podkarpacka (Polonia), Meadows, Kenosha, Federal Way, Monterey, Santa Cruz, Garland, Las Colinas e New Arlington, así como coa Orquestra de Cámara Raíña Sofía, Solisti dei Praga e a Orchestra da Cámara d'Umbria, baixo a dirección de M. Bragado, J. Amigo, J. Miguel Rodilla, G. Isabel Ramos, A. Posada, E. García-Asensio, C. Rizzi, J. Luis Pérez, R. Carter Austin, M. Gatti, C. Riazuelo, R. Gimeno e A. Saura, etc. **I** Actuou para diversas Sociedades Filarmónicas e Festivais nacionais e internacionais, e é invitado asiduo no Festival de Newport (USA). Foi xurado de numerosos concursos, e impartiu clases maxistras por todo o mundo. Os seus concertos foron retransmitidos por diversas radios e TV españolas e estranxeiras, e gravou varios discos. É profesor en Musikene (País Vasco).

Fumika Yamamura Estudou no Conservatorio de Música Toho en Tokyo, podendo realizar numerosos concertos de solista e concertino. Durante estes anos foi premiada nos concursos Japan National Student Competition, Tama Fresh Music Competition e nos festivais de verán en Hokkaido. No Conservatorio de Paris e no Tanglewood Music Festival en EUA, traballou con mestres como L. Fleischer e S. Ozawa. Ademais, asistiu a varias clases maxistras, incluíndo Mozarteum Salzburg, Holland Music Sessions, Ticino Musica (Suíza), San Petesburgo, Mannheim, Mainz, Utrecht, entre outros. Realiza os seus estudos de posgrao en Alemaña con profesor V. Klimov no Conservatorio de Música de Saarbrücken. Completou o Título Konzertexamen Violine en 1999. De aí en diante cursou estudos de Artist Certificate con E. Schmieder en Southern Methodist University en EE.UU, participando en varias edicións do I Palpiti Summer Festival, en Los Angeles. Dende 2002 forma parte da OSG como Principal dos Segundos Violíns. Tamén foi Asistente de Solista da Orquestra Sinfónica de Barcelona, e é primeira violinista do Artemis Ensemble.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA